



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
I.E.S. Miguel Ángel González Estévez

Avda. Rosalía de Castro, s/n
Tfno. e fax: 986 504 883 - 986 504 838
36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
e-mail: ies.miguelangel.gonzalez@edu.xunta.es

PROXECTO LINGÜÍSTICO

IES MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ ESTÉVEZ

CURSO 2015-2016



ÍNDICE

1.- Contexto sociolingüístico.....	2
1. 1.- Situación do profesorado.....	3
1.2.- Situación do alumnado.....	3
1.3.- Situación lingüística do centro.....	4
2.- Decisión do centro respecto da lingua en que se impartirán as materias na ESO, Bacharelato e Ciclo.....	4
3.- Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.....	9
4.- Obxectivos xerais e liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega...9	
4.1.- Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega.....	9
4.2.- Liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega.....	10
5.- Seccións bilingües.....	12
6.- Outras actividades destinadas ó fomento das linguas do centro.....	12

1.- Contexto sociolingüístico

O alumnado da E.S.O. procede de cinco núcleos de poboación, todos do concello de Vilagarcía de Arousa: Bamio, Carril, Guillán, Trabanca Sardiñeira e Vilagarcía. No Bacharelato aumenta o alumnado de Vilagarcía, procedente de dous centros privados, e incorpórase o de Catoira, do C.P.I. dese concello.

Ó falarmos de contorno imos referirnos só ás localidades de Vilagarcía. A situación de Catoira, totalmente distinta á destas poboacións no uso do galego, trátase á parte.

No contorno predomina o emprego do castelán, tanto na vida familiar como na vida social. A situación, aínda que parecida, non é igual nos cinco núcleos: en Bamio, parroquia das aforas e de extracción rural, tal como se indica no cadro que aparece máis abaixo, é onde se emprega máis o galego.

Creemos que hai que destacar, sobre todo, dous comportamentos lingüísticos ben diferentes, un negativo e outro positivo.

O negativo é a diglosia que practica moita xente. O positivo constitúeo o feito de que moitas persoas falan galego ou castelán dependendo da lingua do interlocutor. Creemos que este comportamento permite abrigar unha certa esperanza de cara ao futuro: os novos galegofalantes que gañemos e as persoas que consigamos que convertan o seu galego ocasional na súa lingua habitual, terán un efecto multiplicador.

En Catoira, concello lonxe do ámbito vilagarcián, o emprego do galego é maioritario en todos os ámbitos e en todas as situacións.

No cadro seguinte resúmese o emprego do galego e do castelán por xeracións.

	Rapaces/rapazas	Pais e nais	Avós e avoas
Bamio	castelán, moi maioritario	galego e castelán	galego, case exclusivamente
Carril	castelán, case exclusivamente	castelán, maioritario	galego, moi maioritario



Guillán	castelán, case exclusivamente	castelán, maioritario	galego, case exclusivamente
Trabanca Sardiñeir	castelán, case exclusivamente	castelán, maioritario	galego, maioritario
Vilagarcía	castelán	castelán, moi maioritario	castelán, maioritario
Catoira	galego, maioritario	galego, case exclusivamente	galego

Non obstante (en Bamio e, sobre todo, en Carril, Guillán e Trabanca Sardiñeira) moitas avoas e bastantes avós fálanlles castelán aos netos.

1. 1.- Situación do profesorado

En canto a lingua de relación que o profesorado usa no centro:

- Do conxunto do profesorado do centro, todos posúen competencia oral en galego. Poderían dividirse en tres grupos: un bo número, cun dominio moi alto; a maioría, cunha boa competencia; uns poucos, cun dominio aceptable.
- Unha alta porcentaxe de profesores e profesoras teñen o galego como lingua habitual, e úsano con todas as persoas e en todas as situacións.
- Un grupo bastante numeroso emprega case exclusivamente o galego.
- Outro grupo tamén bastante elevado usa galego e castelán, dependendo da lingua do interlocutor.

1.2.- Situación do alumnado

Da lingua dos alumnos e das alumnas xa se comentou algo no apartado correspondente ao contorno. A continuación ofrécense os datos máis interesantes que se obtiveron mediante enquisas:

1. En que lingua aprendiches a falar?

- . En galego – 6%
- . En castelán – 61%
- . Nas dúas – 30%
- . Noutra(s) – 3%

2. Que lingua se fala habitualmente na túa casa?

- . Só galego – 4%
- . Máis galego – 12%
- . Galego e castelán (\pm igual) – 20%
- . Máis castelán – 37%
- . Só castelán – 24 %
- . Outra(s) – 3%

3. Que lingua usas habitualmente fóra do IES?

- . Só galego – 2%
- . Máis galego – 5%
- . Galego e castelán por igual – 14%



- . Máis castelán – 45%
- . Só castelán – 33%
- . Outra(s) – 1%

4. Que lingua usas habitualmente no IES?

- . Só galego – 1%
- . Máis galego – 6%
- . Galego e castelán (\pm igual) – 21%
- . Máis castelán – 50%
- . Só castelán – 22%

1.3.- Situación lingüística do centro

A administración e xestión do centro e mais as funcións de organización desenvólvense en galego dende hai xa moito tempo.

Os letreiros, rótulos, avisos, etc., están escritos en galego.

Como lingua de relación entre os membros da comunidade educativa (sobre todo na atención ao alumnado fóra da aula e mais a pais e nais, por parte do profesorado e especialmente por parte do persoal non docente) empréganse o galego e o castelán. Aínda que dende hai uns anos foi aumentando o uso da lingua galega, na actualidade parece darse unha regresión, polo que as nosas actividades teñen que incidir de forma directa na súa revalorización entre a xente máis nova.

Como resumo da situación lingüística do centro na actualidade, poderían destacarse os feitos seguintes:

- O aumento do uso do galego no centro nótase polo emprego que realiza unha boa parte do profesorado, o que motiva que nas relacións coa familia, os pais e nais o vaian utilizando con máis frecuencia. Malia o dito, a realidade é que Vilagarcía é unha cidade cunha forte presenza do castelán.
- Onde se vai notando unha melloría evidente é no cambio da actitude cara ao galego por parte de todos os membros da comunidade educativa, en xeral: é cada vez máis respectuosa, máis aberta e máis positiva.

2.- Decisión do centro respecto da lingua en que se impartirán as materias na ESO, Bacharelato e Ciclo

Seguindo o Decreto 79/2010, o reparto das linguas no centro será o seguinte:

1ESO

Bioloxía e Xeoloxía	Galego
Xeografía e Historia	Galego
Educación Física	Castelán
Educación Plástica e Visual	Castelán
Francés	-
Inglés	-
Lingua castelá e literatura	Castelán



Lingua galega e literatura	Galego
Matemáticas	Castelán
Valores éticos	Galego
2ª Lingua estranxeira- Francés	-
2º Lingua estranxeira- Inglés	-
Relixión	Galego

2ESO

Atención educativa	Galego
Ciencias da natureza	Galego
Ciencias sociais	Galego
Educación Física	Castelán
Educación para a cidadanía e os dereitos	Galego
Lingua castelá e literatura	Castelán
Lingua estranxeira -Inglés	-
Lingua galega e literatura	Galego
Matemáticas	Castelán
Música	Castelán
Relixión Católica	Castelán
2ª Lingua estranxeira- Francés	-
Tecnoloxías	Castelán
2ª Lingua estranxeira -Inglés	-

3ESO

Bioloxía e Xeoloxía	Galego
Xeografía e Historia	Galego
Cultura Clásica	Castelán
Educación Física	Castelán
Educación Plástica e Visual	Castelán
Física e Química	Castelán
Francés	-
Inglés	-
2ª lingua estranxeira- Francés	-
2ª lingua estranxeira- Inglés	-
Lingua castelá e literatura	Castelán



Lingua galega e literatura	Galego
Matemáticas	Castelán
Música	Galego
Relixión	Galego
Tecnoloxías	Castelán
Valores éticos	Galego

4ESO

Atención educativa	Castelán
Bioloxía e Xeoloxía	Galego
Ciencias sociais	Galego
Educación Física	Castelán
Educación Plástica	Castelán
Lingua castelá e literatura	Castelán
Lingua estranxeira -Inglés	-
Lingua galega e literatura	Galego
Matemáticas A	Castelán
Matemáticas B	Castelán
Física e Química	Castelán
Educación ético-cívica	Galego
Relixión católica	Galego
Titorías	-
2ª Lingua estranxeira- Francés	-
Informática	Castelán
Obradoiro de iniciativas emprendedoras	Castelán
Primeiros auxilios	Castelán
Ámbito científico-técnico	Galego
Ámbito lingüístico-social	Castelán/ Galego
Latín	Castelán
Música	Castelán

1º BACHARELATO

Antropoloxía	Castelán
Bioloxía e Xeoloxía	Galego
Cultura científica	Galego
Debuxo técnico I	Castelán



Educación Física	Castelán
Filosofía	Castelán
Física e Química	Galego
Lingua castelá e Literatura I	Castelán
Lingua galega e Literatura I	Galego
Lingua estranxeira I: Inglés	-
Lingua estranxeira I: Francés	-
Matemáticas I	Castelán
Relixión católica	Galego
Tecnoloxía industrial I	Castelán
Tecnoloxías da información e comunicación	Castelán
2ª lingua estranxeira: Francés	-
Economía	Castelán
Grego I	Castelán
Historia do mundo contemporáneo	Galego
Latín I	Castelán
Matemáticas aplicadas ás CC.SS.	Galego
Análise musical I	Castelán
Cultura audiovisual	Castelán
Debuxo artístico I	Castelán
Linguaxe e práctica musical	Castelán
Volume	Castelán
Literatura universal	Castelán
Fundamentos da Arte	Castelán

2º BACHARELATO

Atención Educativa	Galego
Bioloxía	Galego
Ciencias da terra e ambientais	Galego
Debuxo técnico II	Castelán
Electrotecnia	Castelán
Ética e filosofía do dereito	Galego
Física	Galego
Historia da Filosofía	Galego
Historia de España	Castelán



Lingua castelá e literatura II	Castelán
Lingua estranxeira II: Francés	-
Lingua estranxeira II: Inglés	-
Lingua galega e literatura II	Galego
Matemáticas II	Galego
Química	Galego
Relixión Católica	Galego
Tecnoloxía industrial II	Castelán
2ª Lingua estranxeira II: Francés	-
Economía da empresa	Castelán
Grego II	Castelán
Historia da Arte	Galego
Latín II	Castelán
Matemáticas aplicadas ás CC.SS.	Galego
Xeografía	Galego
Análise Musical II	Castelán
Artes Escénicas	Castelán
Debuxo artístico II	Castelán
Deseño	Castelán
Historia da música e da danza	Castelán
Técnicas de expresión gráfico-plásticas	Castelán

1º TSAAFD

Actividades físico-deportivas con implementos	Galego
Actividades físico-deportivas individuais	Castelán
Animación e dinámica de grupos	Galego
Fundamentos biolóxicos e bases do acondicionamento físico	Castelán
Metodoloxía didácticas das actividades físico-deportivas	Castelán
Xogos e actividades físicas recreativas para animación	Galego

2º TSAAFD

Actividades físicas para persoas con discapacidades	Galego
Actividades físico-deportivas de equipo	Castelán
Formación e orientación laboral	Castelán
Organización e xestión dunha pequena empresa de actividades de tempo libre e socioeducativas	Castelán



Primeiros auxilios e socorrismo acuático	Galego
Proxecto integrado	Castelán
Formación en centros de traballo	Castelán

3.- Medidas adoptadas para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten

Dentro das medidas de atención á diversidade contempladas no centro atópanse:

- A exención da 2ª lingua estranxeira en 1º e 2º ESO
- Agrupamentos específicos nas materias instrumentais na ESO

Fundamentalmente serán estas as medidas adoptadas polo centro para procurar que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten.

Nos casos de alumnado estranxeiro con apenas dominio de ningunha das linguas cooficiais, optarase por apoio individualizado en sesións semanais fóra da aula de referencia.

4.- Obxectivos xerais e liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega

4.1.- Obxectivos xerais para o fomento da lingua galega

En relación coa contorna:

- Tratar de que o traballo desenvolvido no Centro, a prol do galego, teña unha visibilidade maior no entorno educativo e contribúa á súa normalización.
- Considerar a situación de diglosia coma un problema lingüístico que é necesario abordar para tentar cambialo.
- Colaborar co Concello e mais con outros organismos e asociacións da zona no fomento do uso do galego e no seu prestixio.
- Colaborar cos demais centros educativos a través da Coordinadora de EDLG do Salnés.
- Colaborar con outros centros da bisbarra no intercambio de material normalizador e naquelas actividades que poidamos desenvolver en conxunto.

En relación co profesorado:

- Ofrecer unha educación que axude a percibir a utilidade da lingua e a concienciación de que é o noso máximo elemento identificador.
- Impulsar que o profesorado empregue o galego como lingua de relación con todos os membros da comunidade educativa.
- Implicar no proxecto, de xeito interdisciplinar, ao maior número de profesorado dos diferentes departamentos.

En relación co alumnado:

- Buscar un aumento constante do emprego do galego como lingua de relación tanto no centro como fóra del.



- Fomentar e favorecer o cambio de lingua para gañar novos galegofalantes.
- Contribuír a que todo o alumnado acade unha elevada competencia en galego.
- Favorecer a eliminación dos prexuízos sobre a lingua galega, aínda existentes entre o alumnado.
- Implicar ao alumnado dos diferentes ciclos na participación nas actividades programadas polo Equipo de Dinamización.

En relación co centro:

- Intentar que o centro viva en galego.
- Implicar nas actividades do equipo a maior número de membros do persoal de administración e servizos do centro.
- Empregar as novas tecnoloxías para facer presente o galego no centro.
- Facer visible nos espazos do centro (carteis, expositores,...) que o galego é a nosa lingua e que debemos apoiala e fomentala.

4.2.- Liñas de actuación deseñadas polo centro para o fomento da lingua galega

Preténdese cumprir un dobre obxectivo:

- que a meirande parte das actividades que se vaian realizar no centro sexan en galego.
- que a influencia no proceso de prestixiar a nosa lingua e de fomentar o seu uso se multiplique.

O impulso destas actividades parten da colaboración entre Vicedirección e o Equipo de dinamización lingüística, ambos se coordinarán cos departamentos e/ou co profesorado correspondente.

– Campañas de sensibilización e denuncia

Colocación nos vestíbulos das diferentes plantas, expositores con carteis, folletos, páxinas e recortes de publicacións, etc. sobre temas de actualidade relacionados coa defensa da lingua e, en xeral, de difusión da cultura galega.

Aproveitaremos que no I.E.S. se imparte o Bacharelato Artístico para permitir ao seu alumnado expresarse no centro e mostrar as súas creacións ao resto da comunidade educativa.

Elaboración de murais monográficos sobre a lingua e cultura galegas.

– Saídas culturais

Organización de saídas que poidan contribuír a prestixiar o galego e a fomentar o seu uso. Será condición indispensable confirmar que a actividade vai ser desenvolvida totalmente en lingua galega. Dentro de estas saídas: asistencia a proxección de películas, representacións teatrais, actuacións musicais, roteiros culturais, visitas a museos...

– Exposicións

Presentar no centro exposicións, cedidas por asociacións e organismos como o Concello de Vilagarcía, que reflectan aspectos diversos relacionados coa nosa historia, cultura e patrimonio. Tamén as relacionadas con celebracións significativas, como poden ser: Samaín e Magosto, Día da Paz, Entroido, Día da Árbore, os Maios, Día das Letras Galegas... Contamos coa colaboración especial do alumnado do Bacharelato de Artes na



elaboración e exposición de materiais.

- Biblioteca e animación á lectura

Desenvolvemento de diversas actividades de animación á lectura: cadernos de viaxe, club de lectura *Tira da páxina* e Hora de ler no primeiro ciclo da ESO.

- Actividades de xogos tradicionais

Coa colaboración do Departamento de E. Física e o ciclo do TSAFAAD, potenciaremos o coñecemento e recuperación de formas de lecer tradicionais: xogo da chave, bolos celtas... Ademais, faranse probas e exhibicións, coincidindo coa celebración de festas tradicionais coma o Magosto, Semana das Letras, etc.

- Mesas redondas

Actividades para compartir, a través do uso da lingua oral, as afeccións e orixes do alumnado contribuíndo a ampliar o coñecemento deste noso mundo diverso, así como favorecer actitudes de respecto e tolerancia entre todo o alumnado.

- Celebrando o Outono: Samaín e Magosto

A últimos de outubro e comezo de novembro teñen lugar as celebracións do Samaín e Magosto no centro, como xa vén sendo tradicional dende hai anos con: exposición de cabazas e cogomelos, proxeccións de documentais, charlas sobre os soutos, castañas e cogomelos en Galicia, concurso de carteis de Magosto e festa do Magosto con xogos populares, asado de castañas e música e baile galego.

- Amor en catro linguas

Con motivo da celebración do San Valentín, "Día dos Namorados", o Equipo de Dinamización Lingüística e mais os departamentos de Inglés, Francés, Lingua Castelá e Lingua Galega, convocan o concurso *Amor en catro linguas*, de cartas e poemas, para amosarlle ao alumnado que o plurilingüismo é enriquecedor e que as linguas poden convivir sen ningún tipo de conflito.

- Entroido

Celebración do Entroido con: exposición e concurso de caretas, charlas sobre o entroido en Galicia, concurso de sobremesas tradicionais e festa de entroido con concursos de disfraces e comparsas.

- Maios

Actividade de longa tradición no entorno do Salnés e que o concello de Vilagarcía potencia coa celebración dunha exposición e concurso de maios no Parque Miguel Hernández. O noso Centro, a nivel interno, tamén quere seguir com esta actividade pola súa riqueza cultural coa composición das características coplas satíricas, elemento fundamental dos Maios e construción dun maio tradicional.

- Mes das Letras

Dende o 23 de abril (Día do Libro) ó 17 de Maio (Día das Letras Galegas) celebramos o Mes das Letras. Entre as actividades: exposicións, concursos, charlas, contacontos, maratóns de lecturas, presentación de libros, encontros con escritores..



- Actividades que se realizarán en colaboración con outros centros
Realización de actividades con outros centros do Salnés a través da Coordinadora de Equipos de Dinamización Lingüística do Salnés, entre as que destacan:
 - Certame gráfico pola normalización lingüística: concurso de adhesivos.
 - Enormic Banda: revista de banda deseñada dos centros do Salnés.

5.- Seccións bilingües

No centro existen seccións bilingües en inglés en varios cursos da ESO integradas por un mínimo de 12 alumnos:

- 1º ESO: Ciencias Naturais
- 2º ESO: Tecnoloxías
- 3º ESO: Tecnoloxías

Por decisión do claustro, o alumnado pertencente á sección bilingüe non se atopa concentrado nun único grupo dentro do nivel, senón distribuído nun mínimo de dous.

En canto a selección do alumnado, o protocolo é variado:

- En 1º ESO, o departamento de orientación configura unha lista de alumnado potencial para a participación no programa tendo en conta o expediente académico de 6º de primaria e as recomendacións do profesorado anterior nos informes. Tras unha posta en común co profesorado que impartirá a sección propónse ás familias a incorporación ao programa.
- En 2º e 3º ESO, o profesorado encargado da sección bilingüe fai unha proposta aberta a todo o alumnado que desexe participar no programa no final do curso anterior e sobre este chamamento, concreta a lista coa información e entrevista coas familias.

En todos os casos, é necesaria a autorización escrita da familia.

Segundo a normativa das seccións bilingües, o enfoque utilizado é a aprendizaxe integrada de contidos e lingua inglesa, sendo esta utilizada como lingua vehicular un máximo dunha terceira parte.

6.- Outras actividades destinadas ó fomento das linguas do centro

Os departamentos de Lingua castelá e lingua galega xunto coa Biblioteca escolar organizan entre o 23 de abril e o 17 de maio o Mes das Letras, no que a través de exposicións, charlas, sesións de contacontos, concursos, presentacións de libros, lecturas públicas e información sobre os/as autores/as homenaxeados/as tanto con Premio Cervantes como no Día das Letras Galegas, búscase unha maior competencia comunicativa nas linguas cooficiais e uso da lingua como ferramenta de difusión de cultura.

Dende a Biblioteca escolar tamén se artella o club de lectura, existente no centro desde o curso 2008-2009. O alumnado interesado de ESO e do Bacharelato réunese periodicamente arredor dunha lectura, en castelán ou galego, para compartir as súas impresións coordinados por varias profesoras do centro.

Todos os departamentos de linguas colaboran na actividade *Amor en catro linguas*, que arredor do día de San Valentín, ofrece unha oportunidade de difundir as creacións persoais do alumnado e transmitir as ideas de que a variedade lingüística é o modelo máis normal no mundo e de que as linguas son instrumentos de comunicación e unión.



Outras actividades, como presentacións de libros ou encontros con escritores, tamén se desenvolven non só dende os departamentos de linguas, senón tamén desde departamentos como o de Xeografía e Historia.

O departamento de Inglés realiza anualmente algunhas actividades específicas destinadas a fomentar a competencia comunicativa, como son as charlas e cartelería en conmemoracións como o Halloween ou o Thanksgiving, así como a asistencia a obras teatrais.

O departamento de Francés organiza un intercambio de alumnado de 2º e 3º ESO con alumnado dun centro de Chautogiron, na Bretaña francesa, conxuntamente co IES Fermín Bouza Brey. O instituto recibe ao alumnado bretón a principios de novembro e o alumnado carrilexo acostuma a ir a Francia nas dúas semanas previas ás vacacións de Semana Santa. Durante todo o curso, o alumnado participante reúnese periodicamente coas profesoras do departamento para a preparación do intercambio.

Este departamento acostuma sumarse tamén a actividades arredor da francofonía na que tamén participan outros centros da contorna, como festivais ou teatro.